

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa a laboral fixa, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a vicepresidencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2007.

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO

Apelidos e nome: Rancaño Osorio, M^a Concepción.

DNI: 33.304.980-Z.

Denominación do posto: director/a residencia de maiores.

Código: VP.C99.40.801.27001.001.

Grupo: II.

Categoría: 17.

Dependencia: residencia de maiores A Milagrosa.

Localidade: Lugo.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 26 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 6 de xuño de 2007 polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas das escolas oficiais de idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería. En consecuencia, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es> profesorado/interinos-substitutos) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas das escolas oficiais de idiomas de Vigo e A Coruña, nas especialidades de chinés e xaponés.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

LISTAXE DE EXCLUÍDOS DE XAPONÉS

NIF/NIE	APELIDOS E NOME	CAUSAS DA EXCLUSIÓN
53186423	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ DAVID	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-1917721-G	IRIE YUKA	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-3475182-M	KIKKAWA YOSHIE	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-2450599-H	KOISO MAYUMI	TITULACIÓN NON IDÓNEA
33291309 - M	RIVAS CASTRO OLGA	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-2245666-S	SAYURI NISHIMURA	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-2823656-S	TAKAHASHI MINAKO	TITULACIÓN NON IDÓNEA

LISTAXE DE EXCLUÍDOS DE CHINÉS

NIF/NIE	APELIDOS E NOME	CAUSAS DA EXCLUSIÓN
52933053-W	GONZÁLEZ BARREIRO REBECA	TITULACIÓN NON IDÓNEA
C-654129	MALERBA ALESSIA	TITULACIÓN NON IDÓNEA
X-2634455-N	NI YAN	TITULACIÓN NON IDÓNEA
76575303-T	VARGLA VIZCAÍNO CÉSAR	TITULACIÓN NON IDÓNEA

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 6 de xullo de 2007, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de determinados postos vacantes de persoal diplomado sanitario-supervisor/a de unidade.

Advertidos erros no anexo da citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 148, do 1 de agosto de 2007, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 13.144 no anexo, onde di:

-«Denominación do posto: supervisor/a de Unidade de Enfermaría de Medicina Interna-planta 5ª longa do Hospital Nicolás Peña.